



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 4 prazas de ordenanza conserxe instalacións deportivas (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de catro (4) prazas de persoal laboral fixo no posto de Ordenanza Conserxe Instalacións Deportivas incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000053 – ORDENANZA CONSERXE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1882/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de catro (4) prazas de persoal laboral fixo no posto de Ordenanza Conserxe Instalacións Deportivas incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 1825/2024, do 03/07/2024, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de catro (4) prazas de persoal laboral fixo no posto de Ordenanza Conserxe Instalacións Deportivas incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de catro (4) prazas de persoal laboral fixo no posto de **Ordenanza Conserxe Instalacións Deportivas** (Grupo V) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	BLANCO VERDIA	JOSE ALFREDO	***2137**	-	SI
2	CAAMAÑO VERDES	LUIS RUBEN	***5206**	-	SI
3	CALVO PERISCAL	PABLO	***6939**	-	SI
4	CIBEIRA PEREZ	MIGUEL	***3222**	-	SI
5	CORRAL RODRIGUEZ	LIDIA	***1612**	-	SI
6	FACAL ANIDO	MANUEL	***3577**	-	NON*
7	GARCIA VAZQUEZ	ALEJANDRA	***8446**	-	SI
8	GESTO VARELA	PATRICIA	***4628**	-	SI
9	GESTO VARELA	SANDRA	***4629**	-	SI
10	LONGUEIRA REY	ANA ISABEL	***1186**	-	SI
11	MENENDEZ VARELA	JOSE MANUEL	***8334**	-	SI
12	PAZOS GARCIA	JESUS ALVARO	***5005**	-	SI
13	PEREZ GARCIA	MARIA ENCARNACION	***6888**	-	SI
14	SAAVEDRA LOPEZ-SANCHO	ALBERTO MARIA	***1757**	-	SI
15	VAZQUEZ VILLAR	DOLORES	***3719**	-	SI
16	VILLANUEVA MARIÑO	VICTOR	***9995**	-	SI
17	VIÑAS MAYO	RUBÉN	***9158**	-	SI

* Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel Celga 2.

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: D^a. **María Luz Fernández Sanda**
Administrativa do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **María Teresa Márquez Caneda**
Administrativa - Xefa do Negociado de Tesourería do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Titular: D. **Francisco José Díaz del Valle**
Coordinador de Instalación Deportivas do Concello de Carballo

Suplente: D. **Manuel Varela Bardanca**
Técnico de Deportes do Concello de Carballo

Vogal 2:

Titular: D. **José Manuel Mariño Velo**
Xefe da Brigada de Obras do Concello de Carballo

Suplente: D. **Luis Manuel González Lagares**
Conserxe - Axente Notificador do Concello de Carballo

Vogal 3:

Titular: D^a. **Inés Castro Viqueira**
Técnica Auxiliar de Patrimonio do Concello de Carballo

Suplente: D^a. **Mónica Andrade Tasende**
Técnica Aperturas OTM do Concello de Carballo

Secretario/a:

Titular: D^a. **María Eugenia López Balbís**
Administrativa do Concello de Carballo

Suplente: D. **Miguel Piñeiro Souto**
Secretario Xeral do Concello de Carballo.

De acordo coa Base Quinta da convocatoria nomear como asesora do Tribunal, que actuará con voz e sen voto, a D^a. **María Carme Pereiro Felipez**, Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo, para a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva que terá lugar o vindeiro **venres 12 de xullo do 2024**, ás **10.00 horas**, na Sala de Xuntas, sita na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Quinto.- Convocar aos aspirantes que teñan que realizar a **proba de coñecemento da lingua galega** o vindeiro **venres 12 de xullo do 2024**, ás **13.00 horas**, na Sala de Xuntas, sita na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Sexto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 4 de xullo de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/4792